

## DOMINGO 12 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Xer 20, 10-13

**Liberou a vida do pobre da man dos malvados**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Dixo Xeremías:

Xa estou oíndo a sentenza,

aumenta o terror ao arredor:

"Denunciádeo, denunciémolo".

Todos os que se fiaban da miña mensaxe de paz,

agardan a miña caída:

"A ver se se deixa seducir: poderemos con el, e vingáremonos del".

Polo Señor suspiro, como por un forte loitador;

por isto os meus perseguidores caen, non me poden.

Quedarán cubertos de vergonza porque non tiveron éxito,

non deixarán esquecida esta vergonza perpetua.

Señor dos Exércitos, que pons a proba o xusto,

que ves os sentimentos e mais as intencións,

eu hei ver como te vingas deles,

pois a ti encomendei o meu preito.

Cantádelle ao Señor,

louvade o Señor,

pois libra a vida dun pobre do poder dos malvados.

SALMO RESPONSORIAL Sal 68, 8-10. 14 e 17. 33-35

**R/ (14c): Pola túa moita bondade, escóitame, Señor**

Por ti aturo eu afrentas

e cóbreme a cara a vergonza.

Volvinme estraño para meus irmáns,

alleo aos fillos da miña nai.

Consómeme o celo da túa casa

e as aldraxes dos que te aldraxan

caen enriba de min.

Mais eu, Señor, suplico cara a ti,

na hora, meu Deus, do teu favor.

Pola túa moita bondade,

respóndeme, pois ti e-lo socorro verdadeiro.

Respóndeme, Señor, conforme ao teu amor,

pola túa misericordia, vólvetes a min.

Olládeo, humildes, e alegrádevos,

avivecede o corazón os que buscades o Señor,

pois o Señor escoita aos humildes,

non despreza aos seus na cadea.

Lóuvente o ceo e maila terra.

SEGUNDA Rm 5, 12-15

**Non hai comparanza entre o delito e o don**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA  
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

O pecado entrou no mundo por un home só, pero como polo pecado entrou a morte, a morte pasou a todos os homes e, en consecuencia, todos quedaron incurso no pecado. Porque, de feito, antes da Lei había pecado no mundo; anque o pecado non se ten en conta cando non hai Lei; a pesar diso, a morte dominou desde Adam ata Moisés, mesmo sobre aqueles que non pecaron cunha transgresión semellante á de Adam. E Adam é unha figura arquetípica daquel que está para vir.

Pero de ningún modo hai comparanza entre o delito e o don. Porque, se polo delito dun morreron todos os demais, moito máis polo favor dun home, Xesús Cristo, a graza e o don de Deus rebordaron sobre todos.

ALELUIA Xn 15, 26b. 27a

O Espírito da verdade dará testemuño de min, di o Señor;  
tamén vós daredes testemuño

**DOMINGO 12 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 10, 26-33

**Non lles teñades medo aos que matan o corpo**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela dilles Xesús aos seus apóstolos:

- Non lles teñades medo, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrindo, nin cousa oculta que non se acabe sabendo. O que vos digo na escuridade faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas pregoádeo desde as azoteas.

Non lles teñades medo aos que matan o corpo pero non poden matar a alma; temede máis ben a aquel que pode arruinar o corpo e a alma no inferno. Non se venden un par de pardais por catro patacos? E non cae o primeiro no chan sen o consentimento do voso Pai.

Pois vós, mesmo tedes contados os pelos todos da cabeza. Así que non teñades medo, que vós valedes máis que todos os pardais xuntos.

Todo o que volva por min diante dos homes tamén eu hei volver por el diante de meu Pai celestial. Pero quen me negue diante dos homes, eu negareino a el diante do meu Pai celestial.

